



TABORDA

Nun Privilexio Real do Mosteiro de Oia de 24 de Xuño do ano 1139 xa se fai mención desta parroquia co mesmo nome de Taborda que hoxe mantén. Recoñece por Patrón tutelar a Sn. Miguel Arcanxo a quen lle celebran aquí a festa no día da súa Dedicación 29 de Setembro. Habitana 98 veciños que pertencen polo contencioso ao Xuíz de Sobrada, e polo político e gubernativo á Xustiza de Barrantes. Valen os seus décimos 8.000 reais que disfruta por enteiro o Párroco; quen non ten casa reitoral nin igrexario, pero si percibe de renda anual tres ferrados de trigo, tres de centeo, seis de miúdo, tres de millo e unha galiña. A fábrica da igrexa cobra tamén cada ano seis ferrados de trigo, seis de miúdo e once reais con vinteoito marabedís en diñeiro. Segundo as Sinodais antigas do Bispado do ano 1528 era daquela este Beneficio de padroado real do Bispo. Despois atopámolo de presentación de leigos dunha familia moi extensa, e de diferentes veciños da mesma parroquia; e destes adquiriu por conacións e outros títulos toda a presentación o Cóengo da Catedral de Tui Dn. Monguete Rodríguez fundador da Casa solar e morgado dos Troncosos sita en Sn. Martiño da Picoña, e a ela uniu o citado padroado de presentar este curato de quen é a posesión actualmente. Antigamente a presente parroquia tivo a súa igrexa veciñal nun montecelo ou alto, a curta distancia da actual pola parte do norte desta, onde hoxe se ven uns cruceiros próximos ao camiño real que vai da Cidade de Tui para a ponte de Hospital, e onde permaneceu por moito tempo unha Capela co título de Sn. Caetano ata que de poucos anos acá demoseuse. A este sitio, pola súa elevación, chamábanlle o Castro; e de aquí orixinouse o que en moitas escrituras antigas chamaban á presente parroquia Sn. Miguel do Castro, aínda que nalgunhas outras din Sn. Miguel do Castro freguesía de Taborda. E como este paraxe era solitario, sen veciños próximos, os temporais do inverno destruían a cada paso o tellado, teito e madeiraxe do templo, e as súas portas era preciso telas sempre pechadas porque con elas abertas non se podía dicir Misa nin celebrar os divinos Oficios.



SAN MIGUEL

Tratou o referido Cóengo Dn. Morguete Rodríguez, sendo aquí seu Reitor párroco, mudar a igrexa a sitio máis cómodo e proporcionado aos veciños, e elixiu por tal un que entón se dicía fonte de San Miguel. E para emprender a obra solicitou licenza e permiso do Provisor do Bispado de Tui, Don Xuy Martínez de Bugarín, quen lla concedeu con data de vinte e catro de Decembro do ano mil cincocentos cincuenta e dous, entrante o de mil cincocentos cincuenta e tres (que así dí, e é o de mil cincocentos cincuenta e dous). Despois disto atopou como sitio máis oportuno para a construción do indicado templo unha herdanza que o referido Cóengo tiña no sitio denominado da Corredoira de levar en semente dous ferrados e medio de pan, e confinaba con outra da Capela de San Andrés da Catedral de Tui, polo que pediu nova licenza para facer a traslación á expresada herdade ao Señor Bispo Don Xoán de San Millán, e este Prelado concedeu a vinte e cinco de Maio de mil cincocentos cincuenta e tres, como resulta dos mesmos documentos citados que en auténtica forma existen no arquivo dos Troncosos de San Martiño da Picoña, patróns do presente curato de que estamos a falar, onde o temos lido. E neste terreo da Corredoira levantou ás súas expensas o indicado Cóengo Dn. Morguete Rodríguez a citada igrexa, obra que concluíu no ano de mil cincocentos cincuenta e seis, segundo consta dunha larga inscrición que para a súa perpetua memoria deixou gravada sobre a porta travesa dela que sae ao norte pola parte exterior nos idénticos termos que pomos á volta da presente follá sen variar nada da orixinal.



Templum Parrochiale Divo Michaeli Dicitur
 Quod huc longe comodius translatum: Mon-
 getus Rodriguez eiusdem Rector simul et Pa-
 tronus: sup̄tibus Propiis: hereditario Quo-
 que fundo: Ampliori forma Denuo Constru-
 xit. Ano. Dni. M.D.LVI. Jo. AEmilia. Ep̄o. Tyden.

Pont. Sumo Paulo. IIII.
 Carolo. V. Max. Imperant.
 Philippo. II. Hispania. Rege.

Distá Tabor da Capital Cidade de Tui unha legua regular." (Ávila y La Cueva, 543-546).

Igrexa parroquial

A primeira igrexa de Taborda estaba situada no Castro, cerca da actual, e xa temos constancia desta parroquia no ano 1139 como pertencente ao Mosteiro de Oia.

Logo pasou a propiedade da Diocese onde xa consta como tal nas Sinodais de 1528.

Sendo párroco da mesma D. Morguete Rodríguez, cónego da Catedral de Tui, solicita o traslado da igrexa a un terreo máis oportuno, o que lle foi concedido en 1553.

Así pasou esta parroquia a ser de presentación da Casa dos Troncoso de S. Martiño da Picoña, e ten o seu escudo en varios lugares.

Unha vez rematada a obra de construción da nova igrexa, no ano 1556, a primeira quedou como unha capela a S. Caetano, ata que foi demolida nos primeiros anos do século XIX polo seu estado de ruína.

Para que quedara constancia, sobre a **porta lateral do norte** (371) púxose unha inscrición que traducida di:

“ESTE TEMPLO PARROQUIAL DEDICADO AO DIVINO MIGUEL
QUE DENDE LONXE SE TRASLADOU AQUI PARA MAIOR COMODIDADE:
MORGUETO RODRÍGUEZ SEU REITOR E AO MESMO TEMPO PATRÓN:
COS SEUS PROPIOS CARTOS: E COA SUA HERDANZA O FUNDOU:
CONSTRUÍUNO DE NOVO E AMPLIOUNO.
ANO DO SEÑOR 1556 SENDO BISPO DE TUI XOÁN EMILIANO.
SUMO PONTIFICE PAULO IV.
EMPERADOR CARLOS V.
REI DE ESPAÑA FELIPE II”

A **fachada actual** (369) foi construída no século XVIII.

Presenta unha porta moldurada e de arco rebaixado. A cada lado do arco da porta dúas columnas completas, co fuste mixto, cilíndrico e no último tercio estriado, e no seu pedestal o escudo da Casa de Picoña.

Unha dobre cornixa crea un banco de separación. A superior québrase nas esquinas para darlle máis altura e poñer de novo nas esquinas o escudo da casa do padroado.

Seguindo o eixe da fachada, por riba dese banco e con adorno de dous xarróns flamíxeros aos lados, está unha gran fiestra de arco rebaixado.

Unha moldura percorre todo o cerre da fachada, e adórnase cunha cornixa que vai desde o extremo exterior ata a base da espadana formando dous lóbulos convexos, e con pináculos de xarróns nos extremos exteriores.





A espadana é de dous corpos. O primeiro con pilastras e dous ocos de campás de arco de medio punto. Sobre a cornixa de separación outro pequeno corpo con moldura circundante e un oco, que está baleiro, e pináculos similares aos da cornixa de remate da fachada. Termina noutra cornixa de arco rebaxado e cruz pétrea.

O tellado é a dúas augas e remata con outra cruz pétrea no muro piñón da nave, que é máis alto que o da capela maior. Esta apoia o seu testeiro en dous contrafortes de esquina.

No lado norte, xunto á capela maior, engadíuselle a sancristía.

O **interior** (372) presenta unha soa nave, con teito de madeira sobre cerchas e a dúas augas.

O arco triunfal, sobre pilastras sen capitel, é de arco apuntado.

A capela maior ten bóveda de pedra, con Cruzaña de oito nervos que apoian nunha **clave central** (373) co escudo da casa do padroado e a inscrición: “EL BIEM MORIR ES BIBIR”.

Non ten retablo maior, e o paramento adórnase con catro machóns dun retablo desaparecido, e dous deles, os internos, coa correspondente ménsula. Foron restaurados en 1998. Son similares aos que teñen os retablos que se conservan na nave.



No medio colócase o sagrario sobre unha peaña de pedra, e máis alto en peaña similar o **Patrón** (370).

Conserva dous retablos barrocos tardíos, situados nos ángulos da nave co paramento do arco triunfal. Son practicamente iguais.

O do **lado norte** (374) ten a imaxe da **Virxe do Rosario** (375) na fornela.

Ten unha planta quebrada, buscando a profundidade, que se mantén en toda a estrutura.

O seu adorno é de follas e flores, non moi cargado.

Destaca a decoración das ménsulas na predela e os machóns internos, que son anxos sustentantes. Paga a pena facer a comparación do seu estado cos que xa se restauraron para o paramento da capela maior e así apreciar verdadeiramente a necesidade de recuperar estes retablos e poñelos no seu valor orixinal.

O retablo do lado sur ten a **Virxe do Henar** (376).

É similar ao anterior pero con modificacións, sobre todo distínguese o engadido que se fixo no seu tempo para adornar a fornela central con dúas columnas mixtas para soste o novo arco.



No ático conserva a imaxe de **Deus Creador** (377).

A imaxinería que ten é bastante boa na súa calidade (378-379).

Cabe destacar a imaxe de **S. Caetano** (380), de gran devoción e en recordo da capela que tivo nesta parroquia. A imaxe foi restaurada en marzo de 1998, e na súa base descubriuse a sinatura do que a pintou: Xacobe. (Poderíase tratar de X. Páez de la Iglesia, que naceu en Tui no ano 1803, e traballou en Goián pintando crucifixos e imaxes dos retablos no ano 1848).

Tamén conserva unha **serie de petos** (381, 382, 383):

Preto do acceso ao adro hai un **fermoso cruceiro** (384) co fuste labrado en relevo cos símbolos da Paixón.

FESTAS E ROMAXES DE S. MIGUEL DE TABORDA

- Virxe do Henar: 1º domingo de agosto.
- San Miguel: 29 de Setembro.
- Virxe do Rosario, o Carme e O Señor (385): domingos de Outubro



